

## Acta da sesión do 11 de marzo de 2021

Da comezo a sesión da Comisión Permanente da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais ás 16:00 horas na Sala de Xuntas virtual do Decanato, unha vez que se cubre o quórum preciso en primeira convocatoria.

### **Asistentes:**

#### PDI

Buch Gómez, Enrique Juan; Castro Fernández, Ana Esther;; De Miguel Palacios, Carlos Juan; Falagán Mota, Jorge; Ferro Soto, Carlos Antonio; Garza Gil, María Dolores; González Martínez, Xosé Manuel; González Savignat, M<sup>a</sup> del Mar; Lorenzo Alonso, Pedro; Lorenzo Picado, Leticia; Roca Pardiñas, Javier; Vázquez Pampín, Carmen; Vila Alonso, Mercedes.

#### Alumnado

Iglesias Allica, Malena; Lloves Herbón, M<sup>a</sup> Asunción; Vidal Brea, Jonathan

### **Desculpan a súa ausencia:**

#### PDI

Vila Biglieri, Jorge E.

#### Alumnado

Álvarez Moreira, José Ángel

### **Único punto do orde do día:**

**Aprobación, se procede, dos criterios de elaboración de horarios para o curso 2021-2022.**

Antes de comezar propiamente a reunión da C. P., o decano dá a benvida aos novos integrantes da mesma.

Javier Roca, vicedecano de Organización Académica toma a palabra para presentar o documento onde figuran os criterios da elaboración de horarios para o curso seguinte e incide nalgúns puntos que teñen maior relevancia:

- No tocante ao punto 3 do documento (docencia en inglés), en termos da elaboración de horarios gustaríanos que o que se indica no texto fose posible levalo a cabo.
- Explica brevemente os novos grupos de docencia xa aprobados en Xunta de Facultade.
- Explica o cambio de quenda das materias optativas de 4º de ADE.
- Tamén explica cal é a disposición adicional da proposta relativa ao PCEO:

A docencia das materias de ADE do PCEO ADE-Dereito debe cumprir os criterios acordados no punto 2 dos criterios xerais.

Móstrase na C. P. a distribución dos grupos teóricos e prácticos das dúas titulacións: ADE e Economía.

A través dos coordinadores de curso imos acordar onde irán as materias nas franxas horarias que se expoñen neste documento quedando as prácticas para distribuílas con posterioridade.

Jorge Falagán expón se hai algunha pregunta ou dúbida sobre o documento que se presenta para a súa aprobación.

Enrique J. Buch: Quere facer unha reflexión sobre a proposta de manter a franxa horaria da tarde de 15 a 20 horas. Esta decisión comenta que supón que se fixo para solucionar algún problema pero que afecta á vida laboral dos profesores que teñen docencia na quenda de tarde. Non teñen tempo para comer ao mediodía. Pregunta por cales son as vantaxes deste cambio.

J.F.: Esta cuestión aprobouse en Xunta de Facultade xa que se supoñía que era un cambio moi relevante na organización académica do centro. En calquera caso, non se detectou, á parte da túa queixa, que haxa opinións en contra deste cambio na franxa horaria de tarde.

E. Buch: Como se distribuíron as franxas horarias de prácticas polas tardes?. Como as horas de teoría están sempre á primeira hora vólvese a prexudicar aos que dan clase pola tarde, por que non cruzar tamén teoría e práctica na franxa horaria da tarde?

J.F.: Temos datos de que ás clases de teoría vén moi pouca xente e ás de prácticas viñan máis. Se poñemos as clases de teoría a última hora a posibilidade de que acuda moita

menos xente a ese tipo de clase é maior, pero en calquera caso é un argumento que se pode discutir.

O decano solicita a aprobación por asentimento dos criterios que se traen a esta Comisión Permanente tal e como foron explicados e Enrique J. Buch solicita votación.

Votos a favor da proposta: 12

Votos en contra: 0

Abstencións: 4

Queda APROBADA por 12 votos a favor e 4 abstencións.

Ás 16:24 horas remata a C.P.

O Presidente

Jorge Falagán Mota

O Secretario

Pedro Lorenzo Alonso